

Santiago de Compostela, febreiro de 2017

Estimados/as amigos/as:

Como ben sabedes, o día **2 de abril** celébrase en todo o mundo o **DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL** para conmemorar o nacemento de Hans Christian Andersen. Como todos os anos, a OEPLI, xunto coas súas catro seccións: Consejo General del Libro Infantil y Juvenil, Consell Català del Llibre Infantil i Juvenil (ClijCAT), Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX) e Galtzgorri Elkartea, quere celebrar ese día no maior número posible de poboacións de España e, con ese motivo, dirixímonos a todas as bibliotecas, librarías e centros de ensino e convidámossos a:

- Difundir entre os nenos e nenas da vosa poboación a mensaxe do poeta Sergey Makhotin e o cartel do ilustrador Mikhail Fedorov, que este ano preparou a sección rusa do IBBY e cuxa versión, está dispoñible para a súa descarga nas catro linguas oficiais, na web da OEPLI: www.oepli.org, en galego: <http://www.oepli.org/pag/gl/dia.php>, e na web de GÁLIX: <http://www.galix.org/>
- Organizar sesións de contacontos, concursos, encontros con autores/as etc., ou a actividade de promoción da lectura que a biblioteca/libraría considere oportuna. O día 2 de abril é domingo, polo que se recomenda organizar as actividades o sábado día 1 ou o luns día 3
- Participar no concurso **«ANDERSEN HOXE»**, cuxas bases e ficha van en anexo.

As bibliotecas e librarías que se comprometan a celebrar este día deberán poñerse en contacto cos medios de comunicación da súa poboación. Así mesmo, a OEPLI e as súas seccións territoriais remitiranlle a información á prensa escrita e dixital, televisión, radios... cos nomes e poboacións das entidades participantes que aparecerán relacionadas na web da Organización. Como membro de IBBY (International Board on Books for Young People) e coa intención de promover o Día Internacional do Libro Infantil, a OEPLI, pídelle ás entidades colaboradoras que fagan unha ampla difusión do cartel e da mensaxe para que lles chegue a todos os nenos e nenas.

Este ano continuaremos co **sistema de adhesión mediante inscripción electrónica** a través da web da OEPLI (www.oepli.org).

1.- Na páxina do DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL da web OEPLI aparecerá unha ligazón que levará á páxina de adhesión (http://oepli.org/pag/dia_inter/dia_registro.php). Nesta páxina estará dispoñible un formulario que se deberá encher con todos os datos.

Unha vez cuberto o formulario, recibirase un correo electrónico confirmando a adhesión e, despois de 24 horas, tempo necesario para que a OEPLI verifique que todo é correcto, a entidade correspondente aparecerá na listaxe de adhesións por comunidades autónomas.

O formulario de adhesión estará **activo desde o día 20 de febreiro ata o 27 de marzo**, data límite para realizar as adhesións.

2.- Con posterioridade ao **2 de abril e durante todo ese mes**, estará a disposición das entidades adheridas un segundo formulario mediante o cal se poderá comentar a actividade realizada e subir unha imaxe tomada durante a celebración.

A nosa intención é compartir e expoñer publicamente na nosa web todos os actos realizados polas entidades adheridas ao DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL.

Para calquera pregunta ou aclaración podedes poñervos en contacto con GÁLIX no correo electrónico galix@galix.org e no teléfono 698 169 548 ou coa OEPLI no correo electrónico oepli@oepli.org e no teléfono 915530821.

Agradecemos de antemán o voso apoio e participación.

Recibide un afectuoso saúdo.

O presidente de GÁLIX

Xosé A. Perozo

